

Programación 2021-2022

Departamento de Educación Física

CPI da CAÑIZA

Índice:

O centro educativo:.....	3
Contribución da Educación Física ao logro das Competencias Clave:.....	4
Obxectivos da materia na ESO:	6
Metodoloxía:	7
Contribución aos plans do centro:	8
Contribución ao proxecto lector:	8
Contribución ao Plan de Integración das TICs:.....	9
Materiais e recursos didácticos:.....	10
Actividades complementarias i extraescolares:.....	10
Medidas de atención á diversidade:	11
Actuacións PROTOCOLO COVID.....	12
Adaptacións de contidos non impartidos do curso anterior	13
Adaptación á ensinanza a distancia	14
1º ESO.....	15
Desenvolvemento das Competencias Clave:	15
Obxectivos para 1º da ESO:.....	21
Contidos:	21
Temporalización dos contidos para 1º da ESO:	21
Avaliación:.....	23
2º ESO.....	40
Desenvolvemento das competencias Clave:.....	40
Obxectivos para 2º da ESO:.....	50
Contidos:	50
Temporalización dos contidos:	51
Avaliación:.....	51
3º ESO.....	62
Desenvolvemento das competencias Clave:.....	62
Obxectivos para 3º da ESO:.....	71
Contidos:	71
Temporalización dos contidos para 3º da ESO:	71
Avaliación:.....	73
Grao mínimo de consecución para superar a materia e instrumentos da avaliación:	76
4º ESO.....	84
Desenvolvemento das competencias Clave:.....	84
Obxectivos para 4º da ESO:.....	94
Contidos:	94
Temporalización dos contidos:	94
Avaliación:.....	96
Grao mínimo de consecución para superar a materiae instrumentos de avaliación:	99

O centro educativo:

Identificación do centro educativo:

Centro educativo: CPI Cañiza 36001148 2021/2022

Ensinanzas: Secundaria Réxime Ordinario

Funcionamento do departamento:

O departamento de Educación Física deste centro está construído do seguinte xeito:

Composición do departamento:

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

NÚMERO DE COMPOÑENTES: 2

PROFESORES: FRANCISCO JAVIER BARBA

EVA CALVELO VÁZQUEZ

Estrutura e funcionamento do departamento: EF + Optativa Promoción de Estilos de vida Saludables (PEVS)

Francisco Javier Barba: Curso 1 ESO: 6h

Curso 3 ESO: 6h

Curso 4 ESO: 6h

Eva Calvelo Vázquez:

Curso 1 ESO: 2h

Curso 2 ESO: 6h

PEVS Optativa: 3h

Valores Éticos: 3h

Bacharelato: 4h

Contribución da Educación Física ao logro das Competencias Clave:

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

A través do desenvolvemento da materia de Educación Física contribuiremos a desenvolver as competencias clave do currículo:

I. Comunicación lingüística (CCL).

II. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

III. Competencia dixital (CD).

IV. Aprender a aprender (CAA).

V. Competencias sociais e cívicas (CSC).

VI. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

VII. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A continuación exporemos algúns das pretensións didácticas na consecución das competencias clave dende a materia de E.F.:

I. Comunicación lingüística (CCL).

- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrita.
- Comprender, compoñer e utilizar os textos.
- Expresarse de forma axeitada.
- Coñecer o vocabulario e terminoloxía específico da materia.
- Verbalizar, variar e enriquecer os intercambios comunicativos nas actividades físicas de tipo lúdico e recreativas.

II. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

- Realizar cálculos e medicións tanto da composición corporal propia como do noso entorno.
- Manipular aparellos con precisión e seguridade para realizar actividades físicas.

III. Competencia dixital (CD).

- Transformar a información en coñecemento.
- Transmitir a información tratada expoñendo ideas e conceptos de forma clara e utilizando de forma axeitada os medios audiovisuais e novas tecnoloxías: presentacións, vídeos, blogues, ...

IV. Aprender a aprender (CAA).

- Coñecerse a si mesmo, as propias posibilidades e carencias a través das actividades físicas e expresivas.
- Desenvolver o sentimento de competencia ou eficacia persoal.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Ser consciente do que pode facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais.
- Adquirir recursos de cooperación en actividades físicas comúns.
- Facilitar a adquisición de recursos de cooperación en actividades expresivas (composicións de espectáculos artístico-expresivos grupais).
- Manexar de forma eficaz os recursos e as técnicas adquiridos no desenvolvemento das súas habilidades motrices.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
- Afrontar a toma de decisións de maneira racional.

V. Competencias sociais e cívicas (CSC).

- Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.
- Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.
- Asumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas.
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.
- Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura.
- Valorar o coñecemento do corpo e das súas capacidades motrices e expresivas.
- Entender e valorar a actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde.
- Adquirir o hábito de practicar actividade física de forma regular.
- Adquirir hábitos saudables de alimentación, de hixiene e de coidado do corpo.
- Comprender a relación entre alimentación e actividade física.
- Desenvolver actitudes críticas ante o fenómeno do sedentarismo.
- Explorar de maneira sensorial o espazo e aplicar a información obtida ás súas actividades motrices.
- Desenvolver o sentido da orientación e saber utilizar diferentes recursos para orientarse.
- Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.
- Apreciar a natureza e percibir o seu valor como fonte de información.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Valorar o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.
- Habituar a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno.
- Coidar e conservar os materiais.
- Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico.

VI. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

- Organizar de forma individual e colectiva actividades físicas lúdicas e actividades expresivas.

- Desenvolver os valores persoais da responsabilidade e da perseveranza.
- Desenvolver as habilidades sociais do respecto aos demais, a cooperación e o traballo en equipo.
- Ser capaz de buscar solucións aos problemas formulados e de levalas á práctica.
- Desenvolver a iniciativa e a creatividade.
- Esforzarse por alcanzar resultados creativos, orixinais e sinceros na súa expresividade.
- Ter unha visión estratéxica dos retos para cumprir os obxectivos dos xogos e doutras actividades físicas, e motivarse para lograr o éxito.
- Utilizar as actividades físicas e a linguaxe corporal para ampliar e mellorar as súas relacións sociais.

VII. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

- Expresar ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recursos o corpo e o movemento.
- Apreciar as manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).
- Experimentar coa linguaxe do corpo.
- Experimentar formas de comunicación a través da danza expresiva.
- Interesarse polas formas de comunicación non verbal.
- Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apreciar as iniciativas e as achegas dos demais.
- Utilizar as manifestacións artísticas como fontes de enriquecemento e goce.
- Coñecer a riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.
- Transmitir información a través da linguaxe corporal.
- Analizar a expresividade corporal e entender as mensaxes que a través dela se transmiten.
- Utilizar a información recibida a través dos xestos e das posturas para a elaboración de estratexias de xogos e actividades físicas lúdico-recreativas.

Obxectivos da materia na ESO:

A educación secundaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a)** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para una realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e nalingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Metodoloxía:

En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial. Para iso promoveremos o uso da aula virtual e outras ferramentas dixitais á nosa disposición (google drive, vídeos, retos virtuais ... etc).

Utilizaremos varios estilos:

- Mando directo: cando é necesaria unha organización da clase moi estereotipada; con contidos que teñan certo risco e sexa necesario un control do grupo; na aprendizaxe de habilidades específicas e técnicas nas que o rendemento motor é importante...
- Asignación de tarefas e grupos de nivel: cando buscamos execucións máis libres por parte do alumno/a, cando se formulan sesións e tarefas con diferentes graos de dificultade, progresións; en sesións e con contidos onde o proceso cobra máis relevancia que o resultado.
- Estilo recíproco e grupos reducidos: en actividades onde non só é importante a execución, senón a actividade como espectador ou observador; se queremos fomentar certa responsabilidade individual...
- Descubrimento guiado e resolución de problemas: en actividades onde a creatividade é importante, cando buscamos aprendizaxes onde o mecanismo de percepción e decisión é importante, para favorecer a exploración, o descubrimento, a participación individual con grande grao de liberdade por parte dos alumnos/as.

Contribución aos plans do centro:

Contribución ao proxecto lector:

Este departamento colabora ao Proxecto Lector coa proposta feita dende a Biblioteca do centro a dito plan. Intentárase levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora.

Obxectivos:

- Comprender globalmente textos e publicacións deportivas (capacidade para extraer información dos textos).
- Elaborar unha interpretación dos textos traballados (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir da lectura realizada).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Metodoloxía e recursos:

- A metodoloxía a empregar será a mesma que a empregada nas sesións da asignatura de Educación Física que xa constan na programación.

Actividades:

- Dedicación á lectura naqueles apartados teóricos dos temas da materia (orixe histórico das actividades deportivas, regulamentos deportivos, textos sobre espectáculos deportivos, de expresión e representacións artísticas e culturais (teatro, danza, circenses...) de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado.
- Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas que lle axuden a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.

- Selección, tanto polo profesorado como polo alumnado, e lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados coa Educación Física (textos de temas de actualidade), así como blogs ou páxinas web relacionadas coa materia.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Lectura e representación mímica de poemas, contos.
- Confección dun glosario propio da asignatura.

Temporalización:

- Debido o carácter eminentemente práctico da asignatura, as actividades serán realizadas o longo do curso, tendo en conta os contidos da mesma, para a súa aplicación en cada un dos trimestres.

Itinerarios lectores:

- O centro conta cos seguintes títulos, que poderán ser ampliados na medida que o profesorado achegue os seus propios textos.
- Exercicios desaconsellados na actividade física. Detección e alternativas.
- Mitos e falsas creencias na práctica deportiva.
- Os deportes galegos. (revista)
- O deporte escolar en Galicia.
- Pedagogía da natación.
- Libros de texto e cuadernillos para consulta. (1º- 4º ESO)
- Caderno de actividades.
- Actividade física e saúde. Caderno de actividades.

Avaliación:

- A avaliación do plan lector na asignatura de Ed. Física, irá estreitamente relacionado coa avaliación dos contidos da mesma, xa que terá un carácter aplicable á práctica da asignatura.
- De forma voluntaria, o alumno que traia algún artigo relacionado coa actividade física e o deporte, deberá comentala e colocala nun taboleiro no ximnasio, e obterá puntos “extra” na materia. Así mesmo tamén poden recomendar e comentar alguna páxina web que trate temas da asignatura.
- Nos exames e traballos escritos, terase en conta o respecto polas normas ortográficas, a corrección léxica e gramatical e tamén a presentación (caligrafía, pulcritude, marxes,...).

Contribución ao Plan de Integración das TICs:

- Realización por parte do alumno de traballos sobre contidos determinados da materia.
- Para o desenvolvemento de ditos traballos seguirán as pautas marcadas polo departamento. A información obterase a través de internet utilizando uns enlaces proporcionados polos profesores e tamén outros buscados por eles.
- A presentación do traballo será en formato dixital.

Materiais e recursos didácticos:

Como materiais e recursos didácticos, o Departamento de Educación Física conta con un ximnasio de aproximadamente 30m.x15m. , unha pista polideportiva ó aire libre de 20m.x40m., e unha cancha de minibasket de 18m.x9m.

O material dispoñible e abundante e consta de espaldeiras, bancos suecos, plintos, cabalos, potros, minitramps, colchóns de ximnasia e de caídas, balóns medicinais, balóns de Baloncesto, de Fútbol, de Balonmán, de Voleibol e de goma de distintos tamaños, aros, cordas, picas, mazas, sticks e bolas de Hockey, raquetas e volantes de Bádminton, indiacas, aros e pelotas de malabarismo, pesos, xavelinas e discos de Atletismo; libros de texto dos distintos niveis de varias editoriais así como libros de consulta sobre distintos deportes.

Actividades complementarias e extraescolares:

Nota: Debido á situación sanitaria, as actividades complementarias levaranse a cabo segundo a evolución da pandemia.

- Condición física en zonas verdes e urbanas próximas ao centro.
- Circuitos de iniciación á orientación deportiva nas zonas verdes próximas ao centro educativo.
- Torneo e campionatos internos. Práctica e competicións nas pistas do CPI e do polideportivo municipal: fútbol sala, voleibol, baloncesto, balonmano, bádminton...
- Ruta de sendeirismo polas fragas e levadas do Calvo e Deva PR-G 16.
- Saídas ao aire libre. Realización de actividades na natureza, orientación, sendeirismo, acampada...
- Semana Branca ou xornadas de esquí.
- Actividades multiaventura. Escalada, tiro con arco, bicicleta de montaña, marchas cicloturistas, tirolina...
- Patinaxe sobre xeo.
- Iniciación aos Deportes Náuticos.
- Curso de Iniciación ao snorkel e buceo PADI.
- Xornadas de deportes gaélicos impartidas en lingua inglesa por un xogador-adestrador de nacionalidade irlandesa.
- Master class de rugby impartida por xogador-adestrador dun club Ourenseño.
- Iniciación ao running Impartidas en lingua inglesa por corredor de maratón de nacionalidade británica.
- Encontros deportivos con outros centros educativos.
- Curso de surf, kite surf e outras modalidades Acuáticas.
- Actividades deportivas na Ecopista Portugal Monçao-Valença.
- Rafting no río Miño para grupos escolares.
- Viaxes deportivas e culturais (camiño de Santiago, Ruta da prata, Camiño portugués, ruta mozárabe...).
- Colaboración co Plan Xogade Xunta de Galicia.

Nota: Non se excluen outras actividades deportivas e culturais de interese que puidieran surxir ao longo do curso.

Medidas de atención á diversidade:

Actuacións para atender á diversidade e diferenzas individuais:

Atención á diversidade individual:

- Ter previsto diferentes tarefas e progresións para aplicar en caso de dificultade da aprendizaxe e posibilidades de novos retos aos alumnos máis avanzados.
- Dar diferentes tipos de responsabilidades aos alumnos, tanto aos que teñen dificultades, problemas de saúde, lesións, coma aos máis hábiles, para que se sintan integrados no proceso.
- Realizar agrupacións que poidan favorecer a integración e a cooperación.
- Formular actividades que sexan do interese do alumnado.
- Reforzar positivamente as respostas do alumnado.
- Especificamente e en relación a diferentes situacións que podemos atopar:

Alumnado con problemas puntuais de saúde, lesións etc.

- Favorecer a súa participación nas sesións con respecto a outros aspectos que non sexan de práctica (responsabilidade co material, busca de información sobre os contidos, función de observador,...)
- Adaptar o ritmo e a intensidade ás posibilidades reais de práctica.

Alumnado con dificultades ou deficiencias físico-motoras:

- Variar aspectos formais e funcionais dos deportes e actividades practicadas.
- Profundizar máis en temas conceptuais e traballos científicos.
- Formular exercicios e tarefas compensatorias e actividades que non incidan sobre a musculatura, articulacións afectadas...

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria:

Necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Se establecen as medidas oportunas para estes alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

De igual xeito, establecemos a localización máis idóneas deles na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e na medida do posible ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, según a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, pódense establecer todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes alumnos/as.

ACTUACIONES- PROTOCOLO COVID-

Nas programacións didácticas se desenvolverán contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Medidas específicas para o uso espazos DEPORTIVOS:

Nestes espazos é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas. O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo. Evitarase a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitarase que do alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1 metro.

XIMNASIO: Accederase en orde e empregando a máscara de protección. Farase hixiene de mans no interior baixo a supervisión do mestre. Facilitarase o uso dos aseos antes do inicio de cada sesión. Ó remate da mesma, todo o alumnado, en pequenos grupos, deberá ir ó aseo e empregalo en función das súas necesidades. Sempre se terán que lavar as mans antes de saír do aseo. Farase ademais unha limpeza e desinfección xeral do ximnasio de maneira diaria (pista e superficies de contacto). Nunha desas limpeza farase unha limpeza e desinfección dos bancos, mesas, pomos,...do resto da instalación. Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes. Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.

Medidas específicas para a materia de EDUCACIÓN FÍSICA:

- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

- Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie polo menos unha vez ao día.

Medidas para os axentes que participen na práctica deportiva:

- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal e utilizar máscara, salvo no momento da sesión.

Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus.

- Sempre que sexa posible, os alumnos, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersonal.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou **!!broken!!** Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test durante a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Noto moita temperatura corporal, tose ou falta de alento?.

Medidas organizativas:

- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes. Cando ese material vaia ser empregado en dúas sesións consecutivas, deixarase un tempo para que a actuación dos produtos desinfectantes sexa efectiva, polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material.
- Para o inicio das sesións aconséllanse actividades de execución individual, encaixando neste ámbito as coordinativas e de equilibrio, rítmicas ou de expresión corporal.
- Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os equipos formados na aula.
- Cando se traballa no exterior, en actividades máis intensas, a máscara pode retirarse cando se mantén unha distancia mínima de dous metros
- Puntualmente, en xogos nos que sexa imposible evitar o contacto e a distancia, uso de máscara.
- Intentar impartir as clases en zonas ventiladas sempre que sexa posible.
- Evitar na medida do posible actividades en grupo onde os alumnos estean xuntos e teñan contacto físico.

Adaptación á ensinanza a distancia

No caso de que a situación sanitaria condúzanos a un **ensino a distancia**, pasamos a programar como imos informar aos alumnos, os materiais e recursos educativos que imos utilizar, así como a metodoloxía e actividades que levasen a cabo:

- **Materiais e recursos:** Documentos, lecturas, actividades e vídeos elaborados polo departamento de EF.
- **Información** ao alumnado e ás familias:
 1. Publicación na páxina web do centro
 2. Blog da Biblioteca
 3. Aula Virtual
 4. Correo electrónico
 5. Espazo Abalar
 6. Teléfono móbil
- **Metodoloxía** (alumnado con conectividade e sen conectividade):

O alumnado con conectividade realizará as actividades en rede principalmente na **AULA VIRTUAL** ou a través da plataforma google drive. O que non dispón de cobertura, as realizará mediante a axuda do Concello, que lle levará as actividades en papel a través dos educadores sociais e posteriormente serán recollidos de volta.
- **Actividades posibles**
 - Probas prácticas: Rutina de exercicios de adestramento sinxelo na casa.
 - Traballos investigación sobre temas de nutrición.
 - Proba práctica no blog da biblioteca: Actividade física diaria para casa.
 - Retos do departamento para unha vida sa.
 - Creación libre de dous Xogos Modificados con regulamento y normas básicas.
 - Proba práctica: sesión de clase de iniciación dunha escola deportiva a escoller.
 - Traballos de investigación sobre planes de adestramento das cualidades físicas básicas.
 - Proba práctica: coreografía individual ou grupal de parkour e/ou baile moderno
 - Organización básica dunha carreira de orientación no entorno cercano. Elaboración mapas
 - Proba práctica: Probas de valoración da condición física saudable.

Posteriormente, na programación de cada curso da ESO especificaremos os procedementos de avaliación no caso de que o ensino sexa presencial, semi-presencial ou NON presencial.

1º ESO

Desenvolvemento das Competencias Clave:

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1 CONTIDOS COMÚNS				
b m g	B1.1. Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física. B1.2. Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión. B1.3. Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria.	B1.1. Recoñece e aplica actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta	EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	CSC CMCCT
			EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas	CSC CAA
			EFB1.1.3. Respecta os hábitos de aseo persoal en relación ásaúde e a actividade física.	CSC
m , n , a , b , c , d , l , g	B1.4. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. B1.5. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas, como fenómeno social e cultural. B1.6. Aceptación do propio nivel de	B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e	EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	CSC
			EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas dasdemais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	CSC

	execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.	aceptando as súas achegas.	EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.	CSC
m, a, c, d, g, l, ñ	B1.7. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.	B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.	EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico deportivas.	CSC
	B1.8. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.		EFB1.3.2. Respecta o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico deportivas.	CSC
	B1.9. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. B1.10. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde		EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	CSC
m, n, g	B1.11. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico expresivas B1.12. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios.	B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico expresivas, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico deportivas e artístico expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.	CSC CSIEE
	B1.13. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.		EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu	CSIEE

			contorno.	
h, i, g, e, b, m, ñ, o	B1.14. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde	B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	CD CCL
			EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
n, m, b, g, l, d, ñ	B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.	B2.1. Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.	EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade.	CCEC
			EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo.	CCEC

	B2.2. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.		EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas.	CCEC
--	---	--	---	------

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3 ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
m, f, b, g,	B3.1. Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde. B3.2. Introdución dos principios sobre unha alimentación saudable. B3.3. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo.	B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.	EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable.	CMCCT
			EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.	CMCCT CAA
			EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.	CMCCT
m g f b	B3.4. Métodos básicos para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable. B3.5. Avaliación da condición física	B3.2. Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde o punto de vista da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da	EFB3.2.1. Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	CAA

saudable e realización de actividades para a melloradesta. B3.6. Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá..	saúde, amosandounhaactitude de autoexixencia no seuesforzo.	EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ásúas posibilidades.	CAA
		EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	CMCCT CSIEE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4 OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
a b g m	B4.1. Execución de habilidades motrices vinculadas ásaccións deportivas, respectando os regulamentos específicos. B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. B4.3. Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural, e a súa aplicación en diferentes ámbitos.	B4.1. Resolver situacións motoras individuaissinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físicasdeportivas adaptadas propostas.	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas.	CAA CSIEE
			EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.	CAA CSIEE
			EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto aoseu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súaidade.	CAA CSIEE

			EFB4.1.4. Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación.	CAA CSIEE
a b d g m	B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos. B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.	B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.	EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas, respectando o regulamento. EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración oposición facilitadas. EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.	CAA CSIEE CAA CSIEE

Objetivos para 1º de ESO:

O alumno ao remate do curso será capaz de:

- Entender e valorar a importancia da práctica habitual de exercicio físico e identificar consecuencias negativas e positivas que poden darse na práctica do mesmo, así como manter un nivel mínimo de práctica activa durante as sesións de Educación Física.
- Coñecer a importancia do quecemento para a práctica da actividade física e practicar exercicios para a realización dun quecemento xeral.
- Recoñecer as capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde: forza, resistencia e flexibilidade.
- Progresar no dominio dos patróns motores evolucionando cara as habilidades específicas e incrementar as posibilidades de movemento en relación ao nivel inicial.
- Explorar o movemento a través dunha perspectiva de expresión e comunicación de maneira que se favoreza a desinhibición persoal e a cohesión de grupo.
- Participar de forma activa no desenvolvemento das actividades mostrando interese, actuando con deportividade e respectando as normas e resultados dos xogos.
- Adquirir técnicas básicas e utilizar estratexias nos diferentes deportes practicados en situacións específicas.
- Coñecer diferentes manifestacións lúdico-deportivas propias da nosa comunidade.
- Coñecer e aceptar as regras básicas para o desenvolvemento das diferentes actividades propostas, así como as normas básicas de seguridade e hixiene durante a práctica de calquera actividade física ou deportiva.

Contidos:

Os contidos preséntanse distribuídos en catro grandes bloques:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas.
- Bloque 3. Actividade física e saúde.
- Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.

Temporalización dos contidos para 1º de ESO:

Faranse as seguintes unidades didácticas para o primeiro curso da E.S.O.:

- Comezamos.
- Coñece o meu club
- Somos profesores
- Quecemento e volta a calma.
- Orientación
- CF saudable: Resistencia, forza, velocidade e flexibilidade.
- Actividades rítmicas
- Os Deportes e Xogos alternativos
- Deportes de adversario de raqueta.

- Deporte individual: Natación I.
- Xogos tradicionais
- Deportes colectivos: Pre- Voleibol-Indiaka
- Actividade física no medio natural
- Actividades Patíns-skate-Parkour

Coa seguinte temporalización:

MES	SEMANA	U. DIDÁCTICA	MES	SEMANA	U. DIDÁCTICA	MES	SEMANA	U. DIDÁCTICA		
SET	1	Comezamos O Quecemento	XAN	1	Deportes de adversario	ABR	1	Indiaka Pre-Voleibol		
	2			2			2			
	3			3			3			
	4			4			4			
OUT	3	Coñece meu club	FEB	5	A Natación Squash Padel Cardio	MAI	5	Actividades no medio natural		
	4			6			6			
	5	Somos profesores		7		7	7			
	6			8		8				
	7	Orientación		9		9	9			
	8			10		10				
	9	A CF saudable Test físicos	MAR	11		Xogos tradicionais	XUN		11	Actividades Patíns Skate Parkour
	10			12					12	
11										
DEC	12	Xogos e deportes alternativos Activ ritmicas								
	13									
	14									

Avaliación:

Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

Estándares temporalizados nas unidades didácticas (EA):

Grado mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia (GM):

Peso na calificación no curso (PC):

Procedementos e Instrumentos de avaliación para cada estándar (I):

Na seguinte táboa, concreto os apartados anteriores, mostrando a temporalización dos EA, o grado mínimo (GM) e a súa especificación, porcentaxe no curso (PC) e os instrumentos (I):

UD	Contidos	Criterios de avaliación	CC	Estándares de aprendizaxe	Grado Mínimo	Peso Cualificación	Instrumento	Procedemento Avaliación
DAFIS	B1.1. Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física.	B1.1. Recoñece e aplica actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta	CSC CMCC T	EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	50%	3 puntos	Caderno profesor	Participación responsable na aula de Educación Física adaptando os esforzos as partes da sesión.
	B1.2. Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión		CSC CAA	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.	50%	2 puntos		
	B1.14. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde	B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade.	CD CCL	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	50%	3 puntos	Rúbrica	Realización de un traballo coas diferentes probas de avaliación da condición física, analizando os resultados acadados.

	B3.3. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo.	B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.	CMCC T	EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.	50%	2 puntos	Caderno profesor	Debate na plataforma virtual sobre a relación das capacidades físicas básicas e as diferentes actividades deportivas.
CF	B1.2. Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión	B1.1. Recoñece e aplica actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta	CSC CAA	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas	50%	1 punto	Rúbrica	Creación de unha sesión de condición física en pequeno grupo tendo en conta os aspectos organizativos e materiais necesarios.
